



In memórium

## Carme Cervera Pérez rscj

---

María Luz Galván rscj

Ti serás a elixida para edificar e pechar, co noso consello e axuda, o recinto de tan forte cidadela. Só a habitarán donas ilustres e mulleres dignas porque aquelas que estean desprovistas destas calidades terán pechado o recinto da nosa Cidade.

*A cidade das Donas, Cristina de Pizán. Século XV.*

A historia de Galicia estivo sementada de numerosos homes e mulleres de ricas personalidades «pioneiras» que teñen fecundado a nosa terra, deixando en herdanza sementes frutíferas de vida.

E neste tempo, escurecido por profusas correntes de mediocridade, é tarefa grata e indispensable destacar a achega luminosa de Carme Cervera, relixiosa do Sagrado Corazón de Xesús. Foi verdadeiramente unha muller senlleira, unha persoa que continuou sendo referencia para toda clase de persoas ata o final da súa longa vida. Cinguirémonos, case exclusivamente, á interesante achega do vivido no seu paso pola capital compostelá. Pode servirnos de recordatorio e aguillón. Pode animar posibilidades, quizais hoxe adormecidas, de quen vive con andar pousado. Poden servir de estímulo, neste clima de incerteza e brétema, e ofrecer pistas na incipiente travesía, que han percorrer novas xeracións de mozas.

Podemos recoñecela como unha muller singular, que o mesmo en tempos fáciles que en tempos difíciles, foi quen de achegar un legado orixinal. Toda a súa vida foi expresión dun amor descuberto e recibido de Deus, irrefreable, creativo, libre, ás veces case

libertario, imprevisible e desbordante, que traspasou sen medos barreiras e muros. A sentenza de santo Agostiño, «Ama e fai o que queiras», levouna a superar todo tipo de rixideces, fosen da cor que fosen. Por iso, ben paga a pena trazar algunhas liñas que actualicen e garden a súa memoria.

María do Carme Cervera Pérez, filla do Almirante Xaquín Cervera e da súa esposa Asunción Pérez, ambos orixinarios de Santander, e membro dunha numerosa familia de 8 irmáns, foi unha persoa que poderíamos definir non só aberta, senón universal e, en moitos terreos, ousada e pioneira. Naceu en Málaga o 8 de agosto de 1930. Sendo familia de mariños, houberon percorrer moitos dos destinos da mariña española. Pero Carme viviu, xa desde nena, toda a súa educación interna no Colexio das Relixiosas do Sagrado Corazón de Praceres. Unha gran parte da súa vida transcorreu en Galicia, gran parte deste tempo en Santiago de Compostela. Galicia foi, aínda vivindo fóra, a súa terra de adopción, amada e indiscutida.

Desde moi nova, no mes de maio de 1943, espertaron nela intensos e altos sentimentos que lle facían escribir aos seus pais: «Non vos asustedes do que vos vou dicir: quero morrer ou, se non, ser relixiosa do Sagrado Corazón, ou ir a unha leprosería. Rezade para que morra ou teña vocación». Eses anhelos xenerosos, expresados na súa temperá mocidade, callaron nunha decisión, que, en 1950, antes de cumprir os 20 anos, levouna a entregar de corazón a súa vida a Deus, con toda a enerxía da súa mocidade e o lume desa alma privilexiada que a habitaba, na Congregación Relixiosa do Sagrado Corazón de Xesús.

Feita a súa profesión, comezou a súa andaina como mestra nos colexios da Congregación de Praceres e Selecta. De novo en Galicia, animou as Congregacións Marianas, sostendo a moitas mozas nun camiño de fe e compromiso. Comezou, xa daquela, a abrir os ollos da mocidade e a orientala a descubrir e responder ás necesidades e carencias das aldeas de Galicia. Moita dela lembra as súas andanzas pola Serra da Fracha e a Canicouva. Como responsable das antigas alumnas de Praceres acompañounas e sostivo a súa formación na

fe, de tal maneira que logrou consolidar con fondura e fortaleza as amizades xurdidas na infancia e que hoxe continúan atopándose e sosténdose unidas polos lazos creados a través da educación.

Non podemos recoller nestas páxinas toda a riqueza da súa vida, cinguiremos a nosa tarefa para poñer de relevo especialmente a súa presenza rompedora e valente en Santiago de Compostela. En 1971 foi destinada á Residencia Universitaria de Santiago de Compostela situada na que despois foi chamada co apelativo de *Praza Roxa*. Para poder dar unha idea da achega e orixinalidade que supuxo a vida naquela residencia, deixamos aquí a palabra a M.<sup>a</sup> Xosé Pérez Meixeira, unha universitaria da Residencia deste tempo que xentilmente permitiu dar a luz este testemuño:

Igual que as beguinas do século XIII –as primeiras mulleres verdadeiramente feministas de Europa–, vivindo entre elas, na súa cidade dentro da cidade, a comunidade de María, Elviriña e Carme Cervera construíron un mundo á parte que interactuaba con Compostela e con Galicia. As tres querían cambiar as condicións tradicionais que se esperaban dunha residencia universitaria, as tres conseguiron facer un traballo que contribuíu a cambiar o mundo, non sei se todo o mundo, pero desde logo, o noso.

Poucas normas rexían a nosa convivencia, pero eran moi potentes: liberdade, igualdade, sororidade, respecto, confianza, convivencia e, o obrigado, compartir. De feito cada rapaza pagaba segundo os seus recursos económicos, algunhas en especie, e nunca faltou diñeiro; e faciamos xuntas todas as tarefas caseiras menos a cociña.

Viviamos naqueles dous pisos medio cento de rapazas de entre 18 e 23 anos. A pesar das moitísimas e apaixonadas discusións políticas, partidistas, ideolóxicas, sociais, feministas..., das acusacións de «revisionistas ou radicais», nunca chegou o sangue ao río e sempre houbo respecto polas ideas alleas e reflexión e autocrítica polas propias.

Unha das «institucións» máis importantes da Residencia era o Café. A «música» das culleriñas remexendo o po do café co azucre, todas falando por grupos mentres se servía, o sol invernizo coándose polas cortinas que non nos impedía ver o que pasaba pola Praza Roxa, e despois a conversa xeral, moitas veces iniciada pola Cervi.

Fóra da Residencia, todas eramos moi clandestinas, utilizabamos identidades falsas, pomposos «nomes de guerra», pero naquela illa de democracia discutiamos sinceramente, confrontabamos as nosas ideas... con moita paixón e bastante dogmatismo, froito dos nosos poucos anos.

Nesa saliña escoitamos o famoso «tupamaro»; un grupo de sociólogos arxentinos que analizaban, dende a súa perspectiva americana, moi influenciada por San Freud, os problemas de Galicia; as mestras do Caurel –algunha cun xersei cun gran burato– dicindo cousas moi crúas e realistas; era o crisol dos futuros movementos de renovación pedagóxica. Alí tamén se celebraban, polas tardes, reunións de «células» de partidos aos que algunhas de nós pertenciamos ou eramos «responsables» e tamén nesa saliña a Cervi botábanos a «filípica» se algunha das normas fundamentais se infrinxía, e recordábanos: «Non esquezades que o falar tamén compromete».

Outro lugar importante era a Biblioteca, onde tiñan lugar as reunións máis importantes: as dos «Popes»; as do Partido Comunista; as dos sindicatos; reunións do «metal»; as dos teólogos e cristiáns que apoiaban e traballaban polas «liberdades», como se dicía daquela, e non se cortaban nada para poñer verde algunha das súas autoridades; as das asociacións de veciños; as do movemento cidadán; as do plan marisqueiro –onde oímos a Manolo Castelao, o home capaz de falar e ler máis rápido ca unha metralleta–; os psiquiatras de Conxo, que loitaban contra os «electroshocks» e para cambiar a psiquiatría.

A nosa vida estaba ben organizada: comiamos ben, estudiabamos o suficiente para aprobar –algunhas incluso para sacar boas notas, militabamos nun abano amplo de partidos políticos; liamos bastante, especialmente os libros con sona de prohibidos, eramos bastante libres e tamén bastante responsables, a pesar de todas as leas nas que estabamos metidas.

Na «Resi» vivimos moitas mulleres implicadas na historia do noso tempo, da nosa terra e da nosa sociedade. Eramos ateas, agnósticas, cristiás, escépticas, idealistas, librepensadoras... Estudamos, formámonos como boas profesionais, lemos e discutimos. Participamos en manifestacións reclamando a amnistía, defendemos esas manifestacións das cargas dos «grises» poñendo coches nas rúas adxacentes ao traxecto –igual que os rapaces– loitamos contra o

fascismo, militamos en partidos políticos clandestinos, reflexionamos... Apoiamos o proceso da transición democrática e comprometémonos con ela. Traballamos para que fosa posible a cantiga de Labordeta: «... un día, ao levantar a vista, veremos unha terra que poña Liberdade».

A Residencia da Praza Roxa foi unha institución da cidade de Compostela nos anos 70 do século pasado. Carme Cervera foi unha das persoas máis comprometidas... en moitas fronteas, cunha enerxía que segue sorprendendo hoxe. Fixo ela soa máis polo cambio democrático ca moitos dos que nos recordan cada día, o seu grande papel, nos medios de comunicación O seu entusiasmo contagioso, o seu ánimo para salvar dificultades, o seu apoio real a cada un dos proxectos que reclamaban a súa axuda, a súa casa aberta a todos os que tiñan algo que dicir ou algo que facer, o seu traballo e denuncia de cada unha das inxustizas que aparecían –e aparecían moitas–, o seu apoio á educación, na que nos implicaba a todas, a súa posición valente e revolucionaria fronte á vida ... fai que teña moi merecido o seu alcume de «Monxa Roxa», que nos enche de orgullo a todas. Cervi, con Elviríña e María, a súa comunidade, crearon unha Cidade de Donas, onde a dignidade era de rigor. Con altos muros para impedir que entrase a intolerancia, a estupidez, os totalitarismos. Todas as donas dignas tiñan na súa casa un refuxio. Todos os seres humanos de boa fe tiñan, na Residencia, unha morada. Nós tivemos a sorte de vivir alí, uns poucos anos, e non o esquecemos.

Neste tempo, Mari Carme foi denunciada anonimamente á Congregación por persoas desconcertadas ante as súas posturas e o que se contaba dela. Recibiu toda a confianza, necesaria, de quen coñecía a fonte de vida que a alimentaba, a súa rectitude, e o profundo raizame da súa vocación.

Non permite a extensión deste artigo deterse a reflexionar longamente sobre a vivencia sementada en cada unha das universitarias que pasou por alí entre 1971 e 1984. Pero paga a pena insinuar algunha consideración.

Quizá quen non viviron os tempos turbulentos anteriores á democracia e viven hoxe as experiencias de crispación e actitudes

irreconciliables, ás que nos estamos afacendo desgraciadamente nos últimos anos, non poidan sospeitar a calidade daquela vida na Residencia, tecida entre persoas que eran inimigas políticas na universidade e amigas entrañables e colaboradoras na Residencia. Quizá poidamos reaprender, nestas liñas, que é posible construír en común un espazo no que todos poidan ser eles mesmos e ofrecer o mellor das súas vidas. Constatar que isto é posible entre persoas de diferentes ideoloxías políticas, distintas relixións, distintas experiencias de vida. E entretecer lazos irrompibles por medio e a favor da diversidade. É posible se cremos niso. É posible se poñemos niso a vida e a capacidade que nos foi dada para iso. E é posible, sobre todo, porque é don outorgado do Alto aos que cren e esperan.

Por iso é interesante facer memoria dalgúns destes ditos e feitos de Carme Cervera. A súa presenza lémbra-nos, como ela, naquela Residencia e en tantas outras circunstancias da súa vida, pois constituía o seu selo persoal, considerouse irmá maior, familia e amiga de cada unha. Non se centraba nela, aínda que animaba desde o centro. Transmitiu a todas e axudou a vivir ese vínculo de familia, recibido na fe –fillos dun Pai dador de vida e de futuro– e por iso irmás. Esa semente é unha das que nos deixou, ese xerme, froito da súa experiencia cristiá, ese brote de vida, tamén froito do tecido dunha entrañable historia familiar, na súa dobre familia de sangue e de vocación relixiosa.

Completaban o labor da residencia as colonias de Toques, parroquia moi querida de Carme, e na que nos consta que era moi querida tamén, e na Serra do Caurel. 300 nenos ían ao Colexio de Praceres no verán. Sacaba diñeiro de debaixo das pedras e viñan multitude de estudantes como monitores aos que ás veces había que «monitorear» tamén. Con entusiasmo e coa axuda da cátedra de Pediatría fíxose ademais un valioso traballo para erradicar o bocio na alta montaña.

Moitos outros signos e anécdotas poderíamos contar, que revelan a súa apertura de corazón e horizontes e a súa sensibilidade chea de tenrura e respostas efectivas, que ideou para as moitas miserias que padecían os pobres que ela foi coñecendo.

Contamos con outro precioso testemuño. Apuntamos no vivido na Residencia de Santiago, sobre aquelas reunións clandestinas, que en tempo pre-democráticos facilitaron M. Carme e a súa comunidade a diversos grupos que traballaban por unha sociedade nova. Chuqui Trillo promoveu unha homenaxe a Carme Cervera en 2008, na que participaron representantes daqueles grupos. Alí Rafael Pillado, líder de CCOO, amigo persoal de Mari Carme ata a súa morte, tras a súa incansable loita para que fose recoñecida a enfermidade producida polo amianto en tantos traballadores navais, leu en nome de todos, un recoñecemento do que extraemos algúns parágrafos:

Carme, parafraseando a Celso Emilio Ferreiro, que deu nome á nosa Asociación Fuco Buxán, quero lerche un anaco do seu poema *Irmaus*:

Coma un irmau che falo.  
Anque as nosas palabras sexan distintas,  
E ti muller de escola e eu home de traballo,  
Se ternos semellantes as feridas,  
Coma un irmau che falo.  
Por enriba de todas as fronteiras,  
Por enriba de muros e valados,  
Se os nosos soños son iguais,  
Coma un irmau che falo.  
Común temos a patria,  
Común a loita, ambos.  
A miña mau che dou,  
Coma un irmau che falo.

Si, lembro que, coa túa axuda, a dirección das CCOO podía facer o seu traballo, nun ambiente de tranquilidade, que nunca foi posible antes, naquela entreplanta da Praza Roxa.

Si, conservo na memoria como, despois das primeiras reunións, deches un paso máis, e preparábasnos a comida coma se fose encargada e pagada por nós. Neste caso, dabas de comer ao famento do pan da Xustiza, aos que os evanxeos chaman benaventurados.

Teño presentes aquelas veladas nas que nos permitían explicar a nosa concepción da democracia, a visión que tñamos dunha Galiza e dunha España na que puidésemos convivir todos, sen exclusións. E da nosa reclamación dos dereitos políticos, sociais e autonómicos.

Amiga «Cervi», iso que eu denomino monumento á amizade debe ser relatado e ver a luz. Debe ser referido como unha mostra da dignidade humana. Porque, amigos, na «Cervi» encontramos unha posición de compromiso democrático, unha defensa humanista das relacións sociais, e sobre todo, unha vocación na defensa da igualdade nas relacións humanas. Estou seguro de que, esta monxa-mestra, esta mestra-monxa, comparte con nós o ideal dun mundo mellor e máis solidario e xusto. Ela, dende as súas crenzas e valores, eu dende a miña concepción ideolóxica, porque a verdade é unha busca.

Xosé Torregrosa, nesta mesma reunión dedicoulle un poema do que reproducimos unhas liñas:

Ai, Carmela, se te vise  
 Teresa, non entre pucheiros,  
 bregando entre ceo y terra,  
 ao carón dos que sofren,  
 dos que loitan y pensan,  
 con amor, que no con odio,  
 por esta Galiza eterna;  
 preto dos estudantes,  
 preto da clase obreira  
 e preto da xustiza  
 que se labra e se colleita...

Creativa e dinámica, cando as liberdades atoparon o seu leito dentro da sociedade española, Carme tivo o acerto de abrir unha nova ventá na Residencia: «O Acougo». Acougar é estar tranquilo física e moralmente. Acougar é descansar con calma, na casa e cos teus e, se é posible, ao redor do lume e dunha boa comida. Acougar lémbra-nos moito aquilo que nos dicía Xesús: «Vide a min, se estades cansos e angustiados, e atoparedes descanso para as vosas almas».

Foi o Acougo, un lugar de encontro, de acollida para novos estudantes, un lugar para a amizade, o diálogo, a formación e a oración. Un lugar para atoparse e estar co Señor. Compartíanse as salas da Residencia e a capela da nosa Señora do Acougo. Foi tamén espazo onde se celebraron acontecementos cristiáns, humanos, vodas, entradas nun mosteiro, reconciliacións familiares, reorientación da vida dalgúns, acontecementos felices, lugar de acollida ecuménica.

Foi unha muller de Igrexa e namorada do Evanxeo. Ao pouco de rematar o Concilio Vaticano II, o Cardeal Quiroga puxo en marcha unha iniciativa valente, precursora da sinodalidade: convocar o Concilio Galego para implicar todas as forzas eclesiais na aplicación e inculturación do impulso conciliar en Galiza. Mari Carme puxo toda a súa enerxía e entusiasmo en participar niso. Tamén se implicou en situacións conflitivas que xurdiron despois. Indubidablemente o Evanxeo presidía a súa vida. Moitas persoas escoitáronlle dicir «do Evanxeo á vida», era o seu estímulo secreto para adoptar opcións vitais. Este principio aplicouno tamén en aldeas de Galiza próximas a Santiago, e logo a Pontevedra, que recibiron desde alí o impulso de relixiosas e catequistas novas que levaban o anuncio da boa nova, esa que enche o corazón de esperanza e dá sentido aos avatares da vida.

As realidades humanas, vividas de maneira tan apaixonada por ela, foron un testemuño vivo, intelixente, creativo e cribre de Xesús Cristo, do Amor e do Reino. Que ben entendeu Carme o que expresou o seu admirado Paulo VI na *Evangelii nuntiandi*: «O mundo de hoxe cre máis ás testemuñas ca aos mestres, e se cre nos mestres é porque estes saiban dar testemuño». Como necesitan o mundo e a Igrexa, testemuñas veraces que entenden a vida e vívena apaixonadamente. Eses que saben facer posible coa axuda do Amor recibido e presente o que aos ollos doutros parece imposible. Os que saben facer simple o que, en ocasións, é complicado. Facelo simple, non vulgar. Transformar o difícil en algo que presenta poucas dificultades. Facelo sinxelo, comprensible, alcanzable.

O seu corazón amplo e cheo de enerxía, sempre moi sensible ás necesidades e aos signos dos tempos, e con gran sentido crítico,

impulsouna a adiantarse ao paso da historia, que ás veces era lenta e estancada en pequenas cousas. Esas levábana a exclamar con enerxía: «Mentres o barco se afunde, nós quedamos limpando os dourados».

Non é fácil resumir unha vida tan preñada de luz e novidade. Uns versos de José Martí, ese excelente poeta cubano, poden axudarnos polo menos a intuír o que impulsaba desde dentro a Cervi.

¡Ou, sede de amor!  
ou, corazón, encantado  
de canto vivo o Universo habita.

E ela deixaríanos esta herdanza para quen siga o camiño nesta hora. Versos doutro gran creador de vida e porta aberta a novos horizontes:

É tarde  
Pero é a nosa hora  
É tarde  
Pero é todo o tempo  
que temos á man  
para facer o futuro  
É tarde  
Pero somos nós  
esta hora tardía  
É tarde  
Pero é madrugada  
Se insistimos un pouco.  
Pedro Casaldáliga

**María Luz Galván rscj**